



fronte ao virus, cumprindo as normas

eu protéxote,  
ti protéxesme

## Protocolo AD Náutico Narón

CMP da Gándara · Concello de Narón

### Extracto do Plan de continxencia fronte á COVID19

#### Protocolo de uso da piscina · AD Náutico Narón

O presente documento ten como obxectivo informar ás persoas deportistas do AD Náutico Narón das recomendacións e normas que lles afectan con motivo dos adestramentos na piscina do CMP da Gándara e da implantación do Plan de continxencia fronte á COVID19 das instalacións deportivas municipais.

## 1. Xustificación

No marco da evolución da crise sanitaria provocada pola COVID-19 e a aplicación do programa deseñado polos gobernos español e autonómico para a prevención de novos contaxios, o Concello de Narón implantará unha serie de adaptacións e medidas naquelas actividades e .

Asumindo que, nunha situación como a que vivimos, a seguridade total non é posible, o Plan proporá a intervención en diferentes niveis para asegurar unha óptimas condicións para a celebración da actividade, combinando as precaucións para evitar novos contaxios con a intención de recuperar dinámicas sociais tan necesarias para asegurar unha recuperación efectiva da crise.

## 2. Oficinas do club

- As oficinas estarán abertas no horario que indique o club.
- Nas oficinas poderán permanecer un máximo de tres persoas de forma simultánea, dúas da Xunta Directiva do club e a persoa que sexa atendida.
- O acceso realizarase directamente desde unha das portas que da acceso ás escaleiras das gradas.





fronte ao virus, cumprindo as normas

eu protéxote,  
ti protéxesme

## Protocolo AD Náutico Narón

CMP da Gándara · Concello de Narón

- A persoa responsable do club, abrirá a porta e a acompañará até a oficina.
- Unha vez atendida, a persoa responsable do club a acompañará de novo ao exterior.
- No que se refire ás persoas que accedan a realizar algunha xestión, non deberá acceder acompañado á oficina, salvo que sexa imprescindible.
- O uso da máscara é obrigatoria en toda a instalación.

### 3. Adestramentos na piscina

#### 3.1. Recomendacións xerais

Para posibilitar o cumprimento deste protocolo, deberase solicitar a máxima colaboración das e dos deportistas do club, así como das súas familias. As normas xerais a observar son as seguintes,

- O acceso ás instalacións só estará permitido ás deportistas que, salvo que algunha limitación o impida, non poderán ser acompañados.
- O uso da máscara é obrigatoria na instalación, salvo na praia, no vaso e, neste caso, no traxecto do vestiario do primeiro andar á piscina.
- Solicitarase ás persoas deportistas que acudan con o traxe de baño por debaixo da roupa, para así reducir o tempo no vestiario.
- Procurarase portar roupa cómoda, que sexa facilmente manexable polas persoas deportistas.
- Rógase a máxima puntualidade. Non se poderá colocarse na fileira até 10 minutos antes do inicio do adestramento. Así mesmo, unha vez que accedan todas as deportistas as portas fecharanse e non se poderá acceder á piscina.

Tendo en conta a obrigatoriedade da observancia destas sinxelas normas, achegamos a continuación o protocolo proposto.

#### 3.2. Protocolo de acceso, permanencia e saída dos vestiarios

Para posibilitar o cumprimento deste protocolo, deberase solicitar a máxima colaboración das e dos deportistas do club, así como das súas familias. As normas xerais a observar son as seguintes,

No que se refire á **entrada na instalación**,

- As persoas que vaian acceder a piscina formarán unha fileira no exterior do edificio. Unha persoa responsable do club, recibirá as deportistas no acceso ás instalacións.



fronte ao virus, cumprindo as normas

eu protéxote,  
ti protéxesme

## Protocolo AD Náutico Narón

CMP da Gándara · Concello de Narón

- Unha vez nas instalacións, atenderán en todo momento as indicacións das persoas responsables e encargadas de velar polo cumprimento das medidas de seguridade.
- No momento de acceder ás instalacións, portarán máscara e procederán a hixienizar as mans e calzado no punto habilitado para tal fin polo Padroado.
- No corredor que remata no acceso á piscina, respectarase a fileira do recibidor e procurarase circular o máis próximo posible ao lado dereito no sentido da marcha.
- As persoas pertencentes ao AD Náutico, usarán o vestiario do primeiro andar, ao que accederán polas escaleiras situadas ao final do corredor.
- As persoas pertencentes ao AD Náutico, unha vez cambiadas baixarán ao corredor e accederán polo vestiario que lles corresponda onde lles autorizarán o acceso á piscina.
- Tendo en conta que as persoas pertencentes ao AD Náutico deben deixar as máscaras no vestiario do primeiro andar, manterán un respecto escrupuloso para manter a distancia de seguridade.
- No vestiario manterán a distancia de seguridade e usarán os asentos e taquillas habilitados para tal fin.

No que se refire á **permanencia na piscina**,

- No momento de acceso, utilizarán de forma breve as duchas habilitadas na praia, dirixíndose a continuación á zona de adestramento que lle corresponda seguindo o sentido de circulación indicado.
- Durante todo o adestramento, tentarán manter as distancias de seguridade, con especial atención ao momento da comunicación das indicacións do adestrador, no exterior do vaso.
- O uso de material auxiliar será coordinado polo persoal encargado, sendo de uso exclusivamente persoal.



fronte ao virus, cumprindo as normas

eu protéxote,  
ti protéxesme

## Protocolo AD Náutico Narón

CMP da Gándara · Concello de Narón

Unha vez rematado o adestramento, a **saída** realizarase da seguinte maneira,

- Unha vez abandonen o vaso, ao remate do adestramento, usarán de forma breve as duchas habilitadas na praia.
- Sairá polo vestiario que lles corresponda e dirixiranse de novo ao vestiario do primeiro andar.
- Unha vez no vestiario, será obrigatorio o uso de máscara.
- Abandonarase ás instalacións o antes posible, evitando a permanencia no edificio máis alá do imprescindible.
- A saída das instalacións realizarase pola billeteira, que desemboca directamente no estacionamento do complexo.

